



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS “PÍA DA CASCA” DO CEIP AS MERCEDES, RELATIVO Á UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO COMEDOR E DO SALÓN DE ACTOS DA RESIDENCIA XUVENIL FLORENTINO LÓPEZ CUEVILLAS PARA O CURSO ACADÉMICO 2017/2018.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Cecilia Vázquez Suárez, directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Consellería de Política Social

DECLARA

Que esta Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado ten previsto formalizar coa Asociación de Nais e Pais de alumnos Pía da Casca do CEIP As Mercedes o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o día de finalización do curso escolar (xuño de 2018), non sendo susceptible de prórroga.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer a forma e condicións de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Asociación de Nais e Pais de Alumnos “Pía da Casca” do CEIP As Mercedes para a utilización gratuíta por parte desta última das instalacións do comedor e do salón de actos da Residencia Xuvenil Florentino López Cuevillas, sita na cidade de Ourense.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Consellería de Política Social conta cunha serie de instalacións, entre as que se inclúe a Residencia xuvenil Florentino López Cuevillas en Ourense a disposición dos mozos e mozas residentes durante o curso académico que lles ofrecen aloxamento e mantenza; nelas desenvólvese unha serie de actividades e convivencias educativas a través das que se intenta fomentar valores sociais, culturais e deportivos.

Tendo en conta que a residencia xuvenil Florentino López Cuevillas é óptima tanto para prestar o



servizo de comedor escolar como para a realización de diversas actividades culturais no salón de actos da mesma por parte dos alumnos do CEIP As Mercedes, ámbalas dúas partes consideran beneficioso que se ceda o uso das instalacións relacionadas, acadando deste xeito un máximo aproveitamento da instalación xuvenil á que se fai referencia e unha maior rendemento do custo de mantemento anual.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, a 19 de abril de 2017.

